



## LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique  
 Campos Bastos, Celso  
 Castro Oliva, Manuel  
 Cid Fernández, Xose Manuel  
 Cidrás Pidre, José  
 De Vicente Remesal, Javier  
 Docampo Amoedo, Domingo  
 Durany Castrillo, José  
 Estévez Toranzo, Margarita  
 Fandiño Alonso, Xaime  
 Fernández Álvarez, Antón  
 Fernández Saborido, Anxo Manuel  
 Gago Rodríguez, Alberto  
 Gálvez Gálvez, Juan Fco.  
 Gil Villanueva, José Mª  
 Gómez Gude, Jorge Juan  
 González Piñeiro, Luis  
 Gueimonde Anto, Ana Isabel  
 Hernández Sánchez, Jesús  
 Iglesias Galán, Mª Hilda  
 Iglesias Randulfe, Mª Teresa  
 Legido Soto, José Luis  
 Martínez Cobas, Xavier  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Méndez Franco, Óscar  
 Nombela Castaño, Miguel Ángel  
 Pérez Castrillo, Lois  
 Pita Grandal, Ana Mª  
 Pousada Carballo, José Mª  
 Rabanal Carbajo, Pedro  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Rey García, Daniel  
 Rodríguez Fuentes, Gustavo  
 Rubiños López, J. Óscar  
 Sánchez Bello, Patricio A.  
 Sánchez Bermúdez, Ángel M.  
 Suárez Creo, Juan  
 Sueiro Justel, Joaquín  
 Troncoso Durán, Dolores  
 Varasa Paredes, Javier

### DESCULPAN ASISTENCIA:

Lago Teijeiro, Xan  
 Vázquez López, Ezequiel M.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 26 de xaneiro de dous mil seis, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñaría de Telecomunicación.

O xoves, día 26 de xaneiro de 2006, ás 10:08 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 16 de decembro de 2005.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios fin de carreira.
4. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento.
5. Límite de prazas para o curso 2006-2007.
6. Oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2006-2007.
7. Oferta de materias de libre elección do curso 2006-2007.
8. Convocatoria de axudas de Extensión Universitaria.
9. Aprobación, se procede, dos seguintes programas oficiais de posgrao únicos ou coordinados pola Universidade de Vigo: “*Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria*” (UVigo), “*Seguridade Integral*” (UVigo), “*Contabilidade e Finanzas*” (UVigo), “*Estudos de Xénero*” (UVigo), “*Tradución Multimedia*” (UVigo), “*Dirección e Planificación do Turismo*” (Interuniv. UVigo – USC - UDC) e “*Física Aplicada*” (Interuniv. UVigo-UDC).
10. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo nos seguintes programas oficiais de posgrao interuniversitarios coordinados pola Universidade de Santiago de Compostela ou pola Universidade de A Coruña: “*Neurociencia*” (USC), “*Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas*” (USC), “*Ciencia e Tecnoloxía Química*” (USC) e “*Saúde, Discapacidade, Dependencia e Sociedade*” (UDC).
11. Aprobación, se procede, do cambio de nome da Área de Posgrao virtual polo de Área de Posgrao.
12. Eleccións a reitor, claustro universitario e representantes nos consellos de departamento. Interpretación dos artigos 32, 45 e 58 dos Estatutos.
13. Designación de representantes da Universidade en CITEXVI S.A.

14. Aprobación, se procede, da concesión da Medalla de Ouro da Universidade de Vigo á Fundación Barrié de la Maza.
15. Informe sobre a marcha do programa de calidade.
16. Validación de xeracións de crédito.
17. Aprobación, se procede, dos regulamentos de réxime interno da Facultade de Ciencias e da Escola Universitaria de Fisioterapia.
18. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco coa Universidad Nacional de Cuyo – Convenio xeral de colaboración coa E.S. de Economía e Negocios – Convenio xeral de cooperación coa Secretaría de Educación Pública dos EE UU Mexicanos por conducto da Universidad Pedagógica Nacional – Convenio de colaboración bilateral coa Universidad de Bretagne Sud.
19. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes e comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (2 estudantes), Comisión de organización académica e profesorado (1 PDI), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes) e Comisión de extensión universitaria e estudantes (1PDI).
20. Rogos e preguntas

Antes de comezar coa orde do día o reitor solicita, en nome de todos os membros do Consello de Goberno, que conste en acta o pesar pola perda dun dos seus membros máis activos o profesor José Tojo Suárez falecido hai uns días, así mesmo propón gardar un minuto de silencio na súa memoria.

Gárdase un minuto de silencio.

**Punto 1.-** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 16 de decembro de 2005.

Apróbase por asentimento.

**Punto2.-** Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- Da posición adoptada na última xuntanza da CRUE sobre a reforma da LOU e na que se aprobou un documento que recolle a postura das universidades sobre a mesma (manifestacións das diferentes comisións sectoriais e dos claustros universitarios). Os cambios sustantivos que se recollen neste documento pódense resumir nos seguintes puntos:

- A demanda dun maior peso da investigación e da transferencia de coñecemento así como a inclusión no articulado de vías para a creación de empresas de base tecnolóxica.
- Nos casos en que o anteproxecto de reforma deixa abertas varias posibilidades, se opte pola redacción que mellor salvagarde o exercicio pleno da autonomía universitaria.
- A preferencia de que asuntos moi académicos tratados actualmente no Consello Social cun informe do Consello de Goberno, pasen a ser xestionados por este último órgano. Non se pretende un recorte de competencias, senón que se trata de reflectir o que en realidade se está facendo.
- En temas de profesorado a CRUE apoia o mantemento da figura de contratado doutor e buscar unha fórmula que dea mellor satisfacción cara a promoción dos titulares de escola universitaria en posesión do título de doutor no sentido de que se teñen un sexenio se lles recoñeza a acreditación como profesores titulares de universidade e non se lles obrigue a pasar polo proceso habitual de acreditación, deste xeito os TEU

que cumpran estes requisitos poderían promocionar a TU no seu posto de traballo sen necesidade de ter que presentarse a un concurso.

- En relación coa participación estudiantil optouse por unha formulación máis aberta, que permite recoller diferentes vías de participación e representación estudiantil.

A opinión xeral dos membros da CRUE é que nestes documentos aprobados non hai cambios bruscos en relación co borrador de modificación presentado polo que o MEC non terá moi difícil esta reforma no parlamento xa que vai cun consenso bastante amplo por parte das universidades.

- En relación coa reforma dos títulos o reitor informa de que o 7 de febreiro haberá unha reunión da comisión externa na que o MEC vai presentar as directrices xerais dos 22 títulos que se están elaborando ata agora e así mesmo comprometeuse a facilitar ese día a relación dos títulos de grao que van ser analizados polo MEC no 2006. Como novidade está un documento entregado polo secretario de estado no que figuran as recomendacións do ministerio para a elaboración das directrices xerais co fin de conseguir unha harmonización dos títulos e que distribúe a súa duración en tres anos de formación académica básica que conduciría a un título propio da súa universidade (equivalente ao bachelor europeo) e un ano adicional dirixida á preparación para o exercicio profesional mediante prácticas ou realización de proxectos tras o cal obterase o grao. Ademais a flexibilidade do sistema fai posible acceder ao máster sen estar en posesión do título de grao, con tal de ter superado 180 créditos.

Os títulos de grao poderán incorporar unha mención específica que encaixe co cuarto ano profesionalizante.

- Da sinatura do convenio co concello polo que se produce a reversión do edificio da reitoría da rúa Oporto. Os termos do convenio son os que xa se informou neste Consello de Goberno.

- Da posta en marcha de CITE XVI coa sinatura do acordo entre os tres socios o venres día 20 deste mes e coa contratación como xerente da sociedade de D. Xosé Manuel González.

- Da invitación a asistir, con voz pero sen voto, ao Decano da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e ao director do Departamento de Economía Aplicada, aos puntos 5 e 6 respectivamente.

Despois dalgunhas aclaracións ao informe solicitadas polos profesores Durany, Legido e Ramos Cabrer o reitor cede a palabra ao vicerreitor de investigación para informar sobre o Programa de Innovación Enerxética.

Segundo o informe do vicerreitor este programa consta de tres fases:

Fase 1.- Análise da eficiencia enerxética.

Fase 2.- Integración das enerxías renovables nas edificacións e presenza de instalacións singulares de enerxías.

Fase 3.- Proxecto UVIGO – Campus Verde.

En relación coa Fase 1 xa se fixo a auditoría enerxética no campus de Vigo e estase a rematar nos outros campus. A partir deste estudo proporanse melloras nos edificios con baixa eficiencia enerxética e tamén está en estudo a implantación de gas natural no campus.

A Fase 2 contén o que se pretende facer no ano 2006 como é:

- Instalación solar térmica na Estación Mariña da Illa de Toralla.
- Instalación solar na Biblioteca das facultades do ámbito científico.
- Instalación solar térmica no Pavillón de Deportes.

- Instalación de paneis fotovoltaicos na zona anexa ao Edificio Fundación.
- Instalación biomásica anexa ao edificio de Industriais.

A Fase 3 comprende o proxecto UVIGO – Campus Verde (que está patrocinado polo Grupo Santander) e que comezará coa presentación dun concurso de ideas sobre a implantación de estratexias de desenvolvemento sustentable e de integración das enerxías renovables no campus UVIGO. A partir deste concurso farase o proxecto básico que se presentará ao VII Programa Marco Europeo.

A continuación teñen lugar varias intervencións e suxestións dos membros do Consello de Goberno relacionadas principalmente co aforro enerxético.

**Punto 3.-** Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios fin de carreira.

Apróbase por asentimento a proposta de premios extraordinarios de fin de carreira. (Anexo I)

**Punto 4.-** Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento.

O profesor Gálvez pregunta sobre os criterios que utiliza a comisión de doutoramento á hora de propoñer os tribunais encargados de elaborar a proposta dos premios extraordinarios nos diferentes ámbitos e de elevala á comisión de doutoramento.

O reitor propón transmitir á comisión de posgrao o rogo de que ditos tribunais se fagan públicos así como os resultados antes de traelos á súa aprobación polo Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento a proposta de premios extraordinarios de doutoramento. (Anexo II)

**Punto 5.-** Límite de prazas para o curso 2006-2007:

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa dos criterios xerais utilizados pola COAP para a proposta de límite de prazas para o curso 2006/07.

- Aceptar as propostas de diminución de prazas ou de eliminación do límite nas titulacións que no derradeiro curso tiveran un número considerable de prazas vacantes.
- Ata que se clarifique o calendario de implantación dos novos títulos de grao e posgrao e a súa repercusión no capítulo I, non aceptar aumento de prazas en titulacións nas que continúa existindo unha lista de espera importante.

Baseándose nestes criterios a COAP fai a proposta que figura no Anexo III.

Intervén o profesor Pousada, Director da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación, para explicar que na proposta do centro a titulación longa redúcese de 150 a 100 o límite de entrada que compensaría en parte o aumento de 50 a 75 nas titulacións curtas. Entende que o aumento de 50 a 75 é algo excesivo xa que a demanda real é un pouco maior de 50, por iso pareceríalle mellor o número de 60. Remata sinalando que respecta a decisión da COAP.

Apróbase por asentimento a proposta da COAP sobre o límite de prazas para o curso 2006-07. (Anexo III)

**Punto 6.-** Oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2006-2007

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que o encargo de docencia e moi parecido ao do ano pasado xa que soamente hai de novo a implantación do segundo curso das dúas novas titulacións de segundo ciclo na E.T.S. de Enxeñeiros Industriais.

a) Titulación de Enxeñeiro de Organización Industrial (título de 2º ciclo):

No curso 2006/07 iníciarase a implantación do 2º curso da titulación. A E.T.S. de Enxeñeiros Industriais propón que das tres orientacións que figuran no plan de estudos se implante a orientación de “Loxística”. Proponse así mesmo a implantación de catro optativas xerais (das que o alumno ten que elixir dúas).

Apróbase por asentimento.

b) Titulación de Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial:

No curso 2006/07 iníciarase a implantación do 2º curso da titulación. A E.T.S. de Enxeñeiros Industriais considera fundamental a implantación de dúas orientacións (das tres que figuran no plan de estudos): a orientación de Enxeñaría de Sistemas de Automatización e a de Electrónica Industrial.

Tendo en conta o número de estudantes da titulación, a COAP propón que o centro opte por unha das seguintes posibilidades:

- 1) Implantar unha soa orientación (a concretar polo centro) e catro materias optativas xerais.
- 2) Implantar as dúas orientacións e non implantar materias xerais, de tal xeito que o estudante pode completar o número de créditos optativos esixidos entre as materias que figuran na orientación non cursada.

Intervén o Director da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais para apoiar a segunda proposta.

Apróbase por asentimento.

Acéptase por asentimento o acordo neses termos sobre o encargo de docencia nestas novas titulacións.

En relación cos cambios propostos hai dous temas diferentes:

O primeiro refírese á materia da titulación de Ciencias do Mar “Instalacións mariñas” que estaba encargada á área 115 (Construcións navais) que non existe na Universidade de Vigo e como o BOE admite a posibilidade de adscribirla á área 510 (Enxeñaría da Construción) que si existe nesta universidade, o centro propón cambiar o encargo da área 115 á área 510.

O segundo fai referencia a un tema que se repite fai varios anos, a materia “Sector Público II” que estaba encargada á área de Economía Aplicada (225) e a Xunta de Centro da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación propón de novo cambiar a adscripción á área de Dereito Financeiro e Tributario (150).

A COAP ratificouse nos criterios utilizados en anos anteriores polo que propón que siga adscrita á área de Economía Aplicada.

A profesora Pita Grandal di que este xa é o sexto ano no que o Departamento de Dereito Público Especial, Comunicación Audiovisual e Publicidade reivindica esta materia e explica o escrito da área no que se basea a reclamación e no que se utilizan os argumentos xa expostos nos derradeiros anos ante este Consello de Goberno. Insiste en que a área de Dereito Financeiro e Tributario non vai desistir de seguir facendo esta reclamación que considera xusta.

Intervén o profesor Arias Moreira, Director do Departamento de Economía Aplicada, para rebater os argumentos expostos pola profesora Pita Grandal e sinalar que non se dan as condicións que xustifiquen o cambio de encargo de docencia.

O profesor Fandiño, Decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, di que está preocupado por este problema que se ven repetindo ano tras ano. A Xunta de Facultade democraticamente acordou facer a proposta suficientemente argumentada do cambio do encargo de docencia á área de Dereito Financeiro e Tributario, e considera que cada ano o acordo de Consello de Goberno de manter o encargo á área de Economía Aplicada deslaxa unha decisión tomada democraticamente no centro e cunha votación maioritaria. Como representante da Xunta de Centro manifesta que no momento que este Consello de Goberno realice a votación sobre este tema el se vai ausentar.

O reitor di que son moitos os créditos implicados no encargo de docencia total e a discrepancia significa soamente un un por mil do total polo que considera que o proceso en xeral pode considerarse bastante pacífico. Considera que os membros do Consello de Goberno xa coñecen perfectamente o tema polo que se ninguén solicita información adicional vaise realizar unha votación sobre un asunto que é competencia do Consello de Goberno xa que debe tomar unha decisión, independentemente do lado que veñan as propostas.

Interveñen de novo os profesores Pita Grandal e Durany, finalmente o reitor propón a votación nos seguintes termos:

Votos a favor da proposta da COAP .....	19
Votos en contra.....	3
Abstencións .....	7

O profesor Fandiño, Decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación auséntase no momento da votación.

Queda aprobada a proposta de manter o encargo da materia “Sector Público II” á área de Economía Aplicada.

Rematadas as votacións individuais procédese a votar a proposta conxunta da oferta de materias optativas e do encargo de docencia para o curso 2006/07:

Votos a favor .....	20
Votos en contra.....	0
Abstencións .....	4

Apróbase a oferta de materias optativas e o encargo de docencia para o curso 2006/07. (Anexo IV)

#### **Punto 7.-** Oferta de materias de libre elección do curso 2006-2007.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa da proposta e da corrección dalgún erro contido na mesma.

O profesor Legido pregunta pola materia de “Cambio Climático” que se imparte neste curso e que non figura na proposta do vindeiro curso.

A vicerreitora informa de que esta materia corresponde a un grupo de materias que se ofertaran no curso actual e que xurdiron por unha invitación do vicerreitor de innovación e calidade ás áreas de coñecemento que tiñan folgura. Estas materias xurdiron unha vez rematado o POD e impártense sen

custo. Para o vindeiro curso probablemente se repita a invitación ás áreas con folgura polo que nas materias propostas pode figurar a de “Cambio Climático” ou non e despois incluíranse no POD.

O profesor Legido pide que dalgún xeito chegue aos departamentos cales son estas materias e quen as imparte.

Apróbase por asentimento a oferta de materias de libre elección para o curso 2006/07. (Anexo V)

**Punto 8.-** Convocatoria de axudas de Extensión Universitaria.

O vicerreitor de extensión universitaria e estudantes comenta as correccións feitas pola comisión de extensión universitaria e estudantes á proposta que figura na documentación.

Apróbase por asentimento a convocatoria de axudas de extensión universitaria coas correccións sinaladas. (Anexo VI)

**Punto 9.-** Aprobación, se procede, dos seguintes programas oficiais de posgrao únicos ou coordinados pola Universidade de Vigo: “*Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria*” (UVigo), “*Seguridade Integral*” (UVigo), “*Contabilidade e Finanzas*” (UVigo), “*Estudos de Xénero*” (UVigo), “*Tradución Multimedia*” (UVigo), “*Dirección e Planificación do Turismo*” (Interuniv. UVigo – USC - UDC) e “*Física Aplicada*” (Interuniv. UVigo-UDC).

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente informa da avaliación feita pola ACSUG das propostas de Programas oficiais de posgrao (POP) que figuran neste punto:

- “Máster en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria”: proposto pola Facultade de Ciencias, non foi posible realizar un informe ata que se complete a documentación. Recoméndase a fusión dun título de máster con diferentes orientacións xa que pode resultar máis realista.
- “Máster en seguridade integral nas industrias”: informe moi favorable proposto polos centros seguintes: E.T.S. de Enxeñeiros Industriais, E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal, E.S. de Enxeñaría Informática e Facultade de Ciencias. O informe é favorable.
- “Máster en contabilidade e finanzas”: ten o aval do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade. O informe é favorable con modificacións. Considera que hai certa confusión entre o máster e o doutoramento polo que propón que a proposta actual para o 2006 sexa soamente a do máster. O vicerreitor di que despois de manter unha conversa coa coordinadora está de acordo e así o van facer.
- “Máster en estudos de xénero”: este máster resulta da transformación dun título de posgrao non oficial e ten o aval do Departamento de Socioloxía, ciencia Política e da Administración e Filosofía. O informe da ACSUG é favorable pero con modificacións, sinala que o proxecto necesita unha revisión importante polo que suxiren que sería algo precipitado implantalo para o curso 2006/07.
- “Máster en tradución multimedia”: o vicerreitor informa de que se presentou na xuntanza do 12 de decembro coa Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia con un máster interuniversitario entre a Universidade de Vigo e dúas universidades estranxeiras, foi elaborado por un grupo de profesores da Facultade de Filoloxía e Tradución pero na documentación previa entregada faltaba a aceptación das dúas institucións universitarias estranxeiras así como o aval do centro ou do departamento. Este documento foi solicitado á coordinadora do POP e a resposta consistiu nun fax enviado por cada unha das universidades de fóra no que se indicaba a aceptación da participación dun profesor de cada

unha no máster proposto, e a data de hoxe non se recibiu o compromiso do centro ou do departamento.

- “Máster en dirección e planificación do turismo”: POP interuniversitario entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña. Está implicada tamén a Dirección Xeral de Turismo. Na Universidade de Vigo a proposta se fixo desde a Facultade de Ciencias Empresariais e de Turismo e do Departamento de Organización de Empresas e Márketing. O informe da ACSUG é favorable e está pendente a decisión de qué universidade asume a coordinación.
- “Máster en física aplicada”: programa interuniversitario entre a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña pero coordinado pola Universidade de Vigo. A proposta foi presentada polo Departamento de Física Aplicada. O informe é favorable con modificacións xa que debe ser completada a documentación.

O profesor Legido informa de que os datos que pide xa estaban incluídos na proposta pero non estaban colocados no sitio adecuado.

O profesor Sueiro, Decano da Facultade de Filoloxía e Tradución, di que está disposto a facilitar unha xuntanza para que o centro avale o programa de Tradución multimedia.

O reitor propón que este máster quede sobre a mesa e delegar na COAP a aprobación da tramitación do mesmo se se completa a documentación requirida antes de que teña lugar a reunión do Consello Social na que se van tratar eses POP.

O vicerreitor informa de que na xuntanza coa Dirección Xeral acordouse que se ao final este programa non se presenta aceptaría-se que o de Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria impartise dous másters en lugar de un.

Apróbanse todos os POP que figuran neste punto para ser tramitados (agás o de Tradución multimedia que queda pendente) coa condición de que se adapten ao informe da ACSUG.

**Punto 10.-** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo nos seguintes programas oficiais de posgrao interuniversitarios coordinados pola Universidade de Santiago de Compostela ou pola Universidade de A Coruña: “*Neurociencia*” (USC), “*Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas*” (USC), “*Ciencia e Tecnoloxía Química*” (USC) e “*Saúde, Discapacidade, Dependencia e Sociedade*” (UDC).

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente informa de que dos catro POP que figura no punto soamente se vai someter a aprobación o de “*Neurociencia*” que ten o aval do departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde e é coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela e o de “*Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas*” que ten o aval do Departamento de Matemática Aplicada II e é coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela. Ambos os dous resultan da transformación de dous programas de doutoramento con mención de calidade.

O de “*Ciencia e tecnoloxía química*” queda fóra desta proposta xa que finalmente vai ser un programa único proposto pola Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela que levará un módulo no que colabora a Facultade de Química da Universidade de Vigo. Unha vez se estableza como vai ser esa colaboración traerase a este Consello de Goberno co compromiso da Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela de transformalo en interuniversitario para o vindeiro ano.



O de “Saúde, discapacidade, dependencia e sociedade” foi presentado no seu día como un programa único proposto pola Universidade da Coruña, a continuación contactaron coa E.U. de Fisioterapia da Universidade de Vigo coa idea de convertelo en interuniversitario, non obstante como resultaba un pouco precipitado a implicación da Universidade de Vigo se retrasa ata o ano 2007, polo que para este ano se mantén como único da Universidade da Coruña.

Apróbase por asentimento a participación da Universidade de Vigo nos dous POP interuniversitarios de “Neurociencia” e “Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas”.

**Punto 11.-** Aprobación, se procede, do cambio de nome da Área de Posgrao virtual polo de Área de Posgrao.

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.-** Eleccións a reitor, claustro universitario e representantes nos consellos de departamento. Interpretación dos artigos 32, 45 e 58 dos Estatutos

A secretaria xeral informa de que hai tres procesos electorais que se teñen que celebrar no segundo cuadrimestre:

- Eleccións a reitor.
- Elección de membros do Claustro Universitario.
- Elección de representantes nos Consellos de Departamento.

A Comisión electoral é a encargada de elaborar o calendario e os procedementos así como de regular as mesmas. A convocatoria faina o reitor (no caso das eleccións do Claustro despois da reunión da Mesa do Claustro). A proposta que se presenta a este Consello de Goberno é de celebrar os tres procesos nas mesmas datas ao igual que se fixo no ano 2002.

Así mesmo é preciso a interpretación dos artigos 32 e 58 dos estatutos para as eleccións a reitor e Claustro Universitario e do artigo 45 para as eleccións de representantes nos Consellos de Departamento, para delimitar as figuras que entran en cada un dos sectores antes de proceder á elaborar os censos. A proposta que se presenta é a que figura na documentación.

Apróbase por asentimento a convocatoria dos tres procesos nas mesmas datas e a interpretación dos artigos 32, 45 e 58 dos Estatutos (incluíndo dúas modificacións técnicas) segundo figura no Anexo VII.

**Punto 13.-** Designación de representantes da Universidade en CITE XVI S.A.

O vicerreitor de planificación informa de que nos estatutos da Sociedade Anónima CITE XVI figura que deber haber dous representantes de cada entidade participante nos órganos de goberno da devandita sociedade.

A proposta que se presenta é que os dous representantes pola Universidade de Vigo sexan D. Domingo Docampo Amoedo e D. José Cidrás Pidre.

Apróbase por asentimento a proposta.

**Punto 14.-** Aprobación, se procede, da concesión da Medalla de Ouro da Universidade de Vigo á Fundación Barrié de la Maza.

O reitor presenta a proposta da concesión da medalla de ouro da Universidade de Vigo á “Fundación Pedro Barrié de la Maza” baseándose en que é unha fundación que ten apoiado á nosa universidade moi por enriba de calquera outra e compe con creces. o requirido no Artigo 1 do Regulamento da Medalla de Ouro da universidade: “*A medalla de ouro da universidade é a máxima distinción para manifestar o recoñecemento da Universidade de Vigo a persoas ou entidades que teñan contribuído de forma relevante ao impulso e ao cumprimento dos fins da institución*”, polo que lle gustaría ter o consenso deste Consello de Goberno.

Propón o apoio por unanimidade a esta proposta baseándose no seguinte texto:

“No ano 2006 cúmprese o XXX aniversario da creación da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais. O concurso da Fundación Pedro Barrié de la Maza, que financiou o seu actual edificio e realizou unha dotación inicial para a posta en marcha dos seus laboratorios, foi determinante no impulso e consolidación da escola. Por outra parte, a fundación ten contribuído de xeito relevante ao cumprimento dos fins da universidade, cun apoio continuado ao longo dos anos de vida da institución, con dotacións anuais para mellora das infraestruturas docentes e de investigación.

Por estas razóns, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo acordou por unanimidade na súa sesión ordinaria do 26 de xaneiro de 2006, outorgar á Fundación Pedro Barrié de la Maza a Medalla de Ouro da Universidade”.

Apóíase por unanimidade o texto anterior.

**Punto 15.-** Informe sobre a marcha do programa de calidade

O vicerreitor de innovación e calidade presenta o informe sobre a marcha do plan de calidade docente e cuxo resumen figura no Anexo VIII.

Informa sobre algúns aspectos concretos:

A avaliación institucional das titulacións xa está rematada e soamente falta por rematar a dos servizos.

A área de calidade está traballando sobre un novo borrador da enquisa de avaliación docente que se enviou aos Decanos/Directores de centros para suxestións e posteriormente someterase a consideración deste Consello de Goberno.

En relación co VAD-centro o proceso está rematado e publicado na web e co VAD-profesor xa se teñen todos os datos pero aínda non está reflectida a valoración económica que se fará en breve.

Abriuse un proceso para recepción de suxestións e comentarios sobre os indicadores utilizados pero á vista dos resultados obtidos (que figuran nas últimas páxinas do anexo) os indicadores parecen bastante axeitados xa que o número de reclamacións é moi pequeno e ningunha delas fai referencia aos mesmos. Isto parece indicar que nesta primeira aproximación acadouse un grao de acerto bastante importante.

O profesor Durany di que é bastante escéptico sobre se o VAD-profesor vai servir para algo. Cre que o indicador que valora a carga docente do profesor non está ben e habería que cambialo e preocúpalle que o feito de puntuar a participación e comisións fomenta a creación de comisións para todo.

O profesor Gálvez observa que o VAD-centro está igual que o pasado ano e non lle parece ben que ao centro se lle valore polo criterio de participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado. En relación co VAD-profesor ve o perigo de que pode haber centros que decidan controlar aos seus profesores ao máximo e outros que o leven de xeito máis relaxado polo que cre que debería haber unhas pautas mínimas para poder comparar uns centros con outros.

O reitor di que o que estamos avaliando é a experiencia do ano pasado e cre que o vicerreitor terá propostas para corrixir desaxustes cara o ano que ven.

O vicerreitor di que este é un proceso que se debería tomar con certa calma ata que se teñan axustados unha serie de parámetros e no momento en que todos os centros teñan a súa avaliación e os programas de mellora xa se poderán comparar entre si.

O reitor di que discrepa co profesor Gálvez en relación coa participación dos estudantes na avaliación do profesorado porque o equipo directivo dun centro si pode chamar á participación dos estudantes nese tema. Si está de acordo en que se non hai unha pauta clara de comportamento déixase demasiado á discrecionalidade dos centros polo que pensa que sería interesante acometer estes temas.

O profesor Legido di que desde un principio foi crítico con este tema xa que o primeiro que debemos ter en conta é que o obxectivo principal do plan de calidade docente debe ser o de mellorar a calidade docente, considera que non se debe atender tanto a criterios moi específicos senón a criterios máis xerais que se están usando por aí adiante.

Considera que é preciso diferenciar entre: a calidade docente do profesor e as obrigas docentes do mesmo e isto último non é cuestión de avaliación senón que é obriga en cumprimento das súas funcións.

O profesor Membiela quere insistir sobre a mesma idea de calidade xa que non se está a falar de calidade nas aulas e nos centros senón que se fala principalmente da calidade organizativa, todo se resolve con informe, programas, comisións, etc.

O profesor Rodríguez Fuentes está de acordo con eliminar eses agravios comparativos entre os centros e cre que a COAP podería elaborar unha normativa común para que se aplique en todos por igual.

O vicerreitor de investigación di que so se está falando de un dos sete programas que ten o plan de calidade. O acordo no Consello de Goberno foi que este ano ía ser de proba para despois ir afinando os indicadores de acordo coa experiencia obtida. Os indicadores propostos non coinciden cos de outras institucións porque no momento que se propuxeron non había datos xa que moi poucas universidades estaban traballando neses temas.

O reitor di que ao final soamente se falou do VAD cando o plan de calidade aborda moito máis, considera que todas as intervencións foron construtivas e propón que a COAP traalle nos temas que xurdiron e despois o vicerreitor informará ao Consello de Goberno.

**Punto 16.-** Validación de xeracións de crédito.

Valídanse por asentimento.

**Punto 17.-** Aprobación, se procede, dos regulamentos de réxime interno da Facultade de Ciencias e da Escola Universitaria de Fisioterapia.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 18.-** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco coa Universidad Nacional de Cuyo – Convenio xeral de colaboración coa E.S. de Economía e Negocios – Convenio xeral de cooperación coa Secretaría de Educación Pública dos EE UU Mexicanos por conducto da Universidad Pedagógica Nacional – Convenio de colaboración bilateral coa Universidad de Bretagne Sud.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 19.-** Eleccións para cubrir as seguintes vacantes e comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (2 estudantes), Comisión de organización académica e profesorado (1 PDI), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes) e Comisión de extensión universitaria e estudantes (1PDI).

Soamente hai unha candidatura presentada á Comisión de Organización Académica e Profesorado polo sector PDI, polo que sae elixido D. Joaquín Sueiro Justel (Decano da Facultade de Filoloxía e Tradución).

**Punto 20.-** Rogos e preguntas.

O profesor Legido roga que conste en acta o seu desacordo coa reversión ao concello do edificio da rúa Oporto.

O profesor Gálvez roga que se busque unha solución para que aqueles alumnos de primeiro que aínda non teñen carné poidan acceder á WIFI e á Secretaría Virtual.

O reitor di que se intentará buscar unha solución.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 horas do día 26 de xaneiro de 2006 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe